

o mais grande de Galiza está até a

CONA

8 DE MARZO

dia internacional da mulher



o máis grande de Galiza estamos até a

CONA

Pois si! se cadra soa un pouco forte mais... desde o BNG pensamos que é hora de **denunciar con retranca máis tamén con contundencia unha situación de desigualdade** diante da que o Partido Popular se dedica a facer campañas insultantes en lugar de actuar.

A situación non é para menos que para abandonar a corrección política e chamar a atención sobre o moito que queda por avanzar. **Non queremos anuncios hipócritas que nos comparen con monumentos, senón cambios reais** para combater as discriminacións.

As mulleres galegas sufrimos unha fenda salarial do 28,7% e o señor M. Raxoi di que *“no nos metamos en eso”* en lugar de promover sancións económicas. Desde o BNG si queremos meternos niso e reivindicamos unha **Lei galega pola igualdade salarial** e unha **Valedora para a defensa diante das situacións de discriminación laboral** por razón de sexo. Non queremos un país no que o 20,7% das asalariadas cobren menos de 1.804€ ao ano e no que o 35% dos contratos a mulleres duren menos dunha semana.

Coa coartada da crise e as consecuencias do capitalismo, a clase traballadora, sobre todo as mulleres, sufrimos unha precariedade diante da que non nos resignamos. Tamén denunciaremos as consecuencias da falta de **soberanía política para ter mecanismos que favorezan a loita contra a desigualdade**, coma un marco de relacións laborais galego que axude a negociar melloras para os traballos feminizados do país, como a conserva.

O deterioro dos servizos públicos do goberno Feixoo contribúe a que sexamos as mulleres quen compensemos os recortes co noso lombo. Somos quen máis collemos excedencias e xornadas parciais para coidar crianzas e maiores: ata 22.500 mulleres galegas afirman traballar a tempo parcial para asumir coidados familiares mentres só o fan por este motivo 1.100 homes.

Estamos fartas tamén de que a violencia machista non sexa unha prioridade na axenda do goberno galego, por iso reivindicamos que destine ao seu freo o 1% do orzamento da Xunta e **blindar un Pacto Galego contra as violencias**. Tamén urxen avances para **visibilizar e frear a violencia sexual**. Na Galiza denúnciase unha violación con penetración á semana e moitas agresións fican no silencio.

Ben se ve que temos motivos abondo para estar fartas, non pensas?

Haberá quen se escandalice por usarmos unha expresión popular como *estar até a cona*. Porén o que debe escandalizar é a desigualdade. Sobran os motivos para ser contundentes, tamén para marcar un antes e un despois sumando desde Galiza apoios á **convocatoria internacional de folga laboral, de consumo e de coidados para o vindeiro 8 de marzo**. Nós paramos!

